1.- As partes da historia. A Idade Antiga.

Como acabamos de ver a Prehistoria remata, hai uns 3000 anos, coa aparición dos primeiros escritos, feito que marca o inicio do que coñecemos como historia. A súa primeira parte é a chamada **Idade Antiga** que vai dende a **fin da Prehistoria** ata a **caída do Imperio Romano** no ano 476 d.C. (século V). Nesta época houbo grandes civilizacións como a **grega**, a **exipcia**, a **mesopotámica** ou a **romana**.



2.- Os iberos e os celtas.

Ao inicio da Idade Antiga a península ibérica estaba habitada por dou grupos de pobos organizados en tribos e que vivían en poboados amurallados, os **iberos** e os **celtas**.

Os **iberos** estendíanse polo **sur** e o **leste**, estaban organizados en **tribos**, moitas gobernadas por un rei. As súas **casas** eran **rectangulares** e distribuíanse facendo **rúas**. Coñecían a escritura e adicábanse á **agricultura**, á **gandaría** e á **artesanía**. O seu contacto con pobos colonizadores como os fenicios, gregos ou cartaxineses fixo que se desenvolvese nesta zona un **comercio** moi activo chegando a empregar unha moeda propia.

Os **celtas** ocupaban o **centro peninsular** e a **costa atlántica e cantábrica**. Vivían en **casas circulares** distribuídas desordenadamente en lugares elevados e rodeadas dunha muralla formando os **castros**. Vivían en tribos e abastecíanse do que eles producían, polo que **apenas había comercio**, adicábanse fundamentalmente á **gandaría** aínda que tamén **cultivaban cereais**. Eran expertos na **fabricación** de obxectos de **metal**.

3.- Os pobos colonizadores.

No **val do Guadalquivir** existía un reino chamado **Tartessos** cuxo territorio era moi rico en ouro, prata e cobre. Os **fenicios**, que eran grandes comerciantes, coñecedores desta riqueza chegaron dende Asia, sobre o século VII a.C., e asentáronse na costa andaluza fundando colonias como Gadir (Cádiz) ou Malaka (Málaga). Dende elas comerciaban cos pobos iberos.

No século VI a.C. os **gregos** chegaron á costa mediterránea onde vendían a **cerámica** que fabricaban e **mercaban sal, esparto** e **metais**. Estableceron tamén varias colonias como Emporion (Ampurias) ou Sagunto.

Xa no século III a.C. chegaron, procedentes do norte de África, os **cartaxineses** que se instalaron nas Illas Baleares e no leste da península fundando Cartago Nova (Cartaxena). Aínda que comerciaban con metais e tecidos a súa intención era **conquistar novos territorios** para aumentar o seu poder no Mediterráneo, cousa que non lle permitiron os romanos cos que se enfrontaron e que os expulsaron da península.

4.- A conquista romana.

Nesta época os romanos querían controlar todo o mar Mediterráneo. No **218 a.C.** os romanos desembarcaron en **Ampurias** onde se enfrontaron aos **cartaxineses** comenzando así as chamadas **guerras púnicas**. En pouco tempo venceron aos cartaxineses dirixidos por **Anibal** e foron expulsados da península. Coñecedores dos recursos naturais da península, fundamentalmente a riqueza en metais, comenzaron a ocupar toda a península.

A conquista durou **200 anos**, o emperador Augusto deuna por finalizada no ano 19 a.C., os romanos conquistaron con facilidade a costa mediterránea pero atoparon unha forte resistencia nos pobos do interior, do norte e do oeste da península. Eles déronlle á península ibérica o nome de **Hispania**.

5.- A organización e sociedade da Hispania romana.

Os romanos dividiron a Hispania en **provincias** á fronte das cales había un **gobernador** quen se encargaba de manter o orden e recadar os impostos. Ao principio estableceron dúas provincias pero, co paso no tempo, no século III d.C., o número aumentou ata **cinco**: **Bética, Lusitania, Tarraconense, Gallaecia** e **Cartaxinense**.

Implantaron a súa lingua, o latín, en todo o territorio, desaparecendo todas as linguas que se falaban agás o éuscaro. As súas leis, coñecidas como dereito romano foron a base de moitas leis que aínda temos hoxe.

En canto á relixión, adorábase aos deuses romanos, pero, **a partir do 380** o **cristianismo** converteuse na relixión oficial de todo o Imperio Romano.

Na sociedade había dous tipos de persoas, as **libres** e as **escravas**. As persoas libres tiñan todos os dereitos; podían ser parte do goberno, votar ou ser propietarios de terras. Dentro das persoas libres estaban comerciantes, propietarios de grandes extensións de terras, artesáns e labregos. As persoas escravas eran propiedade doutra persoa e non tiñan nengún dereito; traballaban no campo, minas, servizo doméstico, etc. As mulleres, libres ou escravas, non tiñan os mesmos dereitos que os homes.

1.- Acueducto de Segovia. 2.- Teatro de Mérida. 3.- Ponte de Alcántara. 4.- Mosaico de Ampurias.

Pouco a pouco iberos e celtas foron adoptando costumes romanas, a este proceso chámaselle **romanización**, esta romanización empezou cos lexionarios romanos que se estableceron nos poboados e os converteron en cidades romanas. Estas cidades estaban organizadas arredor de **dúas rúas**, o **cardo**, que atravesaba a cidade de norte a sur e o **decumanus** que o facía de oeste a leste. No cruce de ambas estaba a praza, chamada **foro**, na que se atopaban os principais edificios. Eran excelentes construtores e fixeron templos, anfiteatros, teatros, circos, termas, acueductos e calzadas e pontes para a comunicación entre as cidades e Roma.

Acostumaban a decorar os muros con pinturas e **mosaicos** creados con pequenas pedras ou cristais de cores.

6.- A conquista romana en Galicia.

Cando os romanos chegaron a Galicia, atraídos pola súa riqueza en ouro, estaño e ferro, atopáronse cos **galaicos**, un pobo celta que habitaba os máis de cinco mil castros que había entón. Os galaicos eran sedentarios e a súa sociedade estaba organizada entorno á familia, ao castro e finalmente ao populum que agrupaba a varios castros.

1.- Muralla de Lugo. 2.- Torre de Hércules (A Coruña). 3.- Ponte Sampaio (Pontevedra) 4.- Aquis Querquennis (Bande - Ourense)

Despois de varias guerras, **no 60 a.C** a que logo se chamou provincia de **Gallaecia**, incorporouse ao imperio romano.

A actual cidade de **Lugo**, **Lucus Augusti** para os romanos, e **Betanzos** (**Brigantium**) foron dúas das cidades máis importantes, de feito Lugo aínda conserva as súas murallas así como termas e mosaicos. Estas dúas cidades estaban enlazadas por camiños de pedra chamadas **calzadas**. Estas calzadas comunicaban tamén outros lugares como a via XVIII ou Vía Nova que unía Trives con Braga.

Para atravesar os ríos construíron diversas **pontes** como a de Lugo ou a de Caldas e para guiar ás embarcacións **faros** como o da Torre de Hércules, do que se di que é o faro máis antigo do mundo que segue en funcionamento.

JOSÉ MANUEL BOUZÁN MATANZA